
O reiseñor e a rosa



Oscar Wilde

O REISEÑOR E A ROSA
OSCAR WILDE

Tradución: Breogana Gato Blanco
Versión: 1.0
Portada: Breogana Gato Blanco
https://gatoblanco.chafalladas.com

—Dixo que bailaría comigo se lle traía rosas vermellas —lamentou o estudante mozo—, mais non hai ningunha rosa vermella en todo o meu xardín.

Dende o seu niño no caxigo oíuno o reiseñor, asomouse entre as follas e admirouse.

—Ningunha rosa vermella en todo o meu xardín! —salaiou, e os seus fermosos ollos enchéronse de bágoas—. Ai, de que miudezas depende a felicidade! Lin todo o que escribiron os sabios, e coñezo tódolos segredos da filosofía e, con todo, a falla dunha rosa vermella fai a miña vida desventurada.

—Eis por fin un amante verdadeiro —dixo o reiseñor. Noite tras noite cantei sobre el, aínda que non o coñecía; noite tras noite contei a súa historia ás estrelas, e velaquí o está. Ten o cabelo escuro coma a flor do xacinto, e os seus beizos son tan encarnados coma a flor que desexa; pero a paixón trocou o seu rostro en pálido marfil, e a tristura estampoulle o seu selo na cella.

—O príncipe celebra un baile mañá á noite —murmurou o estudante—, e a miña amada está convidada. Se lle levo unha rosa vermella, bailará comigo ata o amencer. Se lle levo unha rosa vermella, poderei cinguila cos meus brazos, e ela apoiará a súa cabeza no meu ombro, e collerei a súa man na miña. Mais non hai ningunha rosa vermella no meu xardín, así que quedarei sentado, só, e ela ignorarame. Non terá ningún interese en min e partiráseme o corazón.

—Velaquí, de certo, o auténtico amador —dixo o reiseñor—. O que eu canto, el súfreo; o que para min é ledicia, para el é dor. Abofé que o amor é algo marabilloso. É máis valioso cás esmeraldas e máis caro cós ópalos finos. As perlas e granadas non o valen, nin se pode atopar no mercado. Non o venden os comerciantes, nin se pode pesar na balanza coma ouro.

—Os músicos empoleiraranse na súa galería —dixo o estudante—, e tocarán os seus instrumentos de corda e o meu amor bailará ó son da arpa e do violín. Bailará tan lixeira que os seus pés non tocarán o chan, e os cortesáns nos seus vestido alegres arremuiñaranse ó sue redor. Mais comigo non ha bailar, porque non teño ningunha rosa que darlle. —E tirouse na herba, enterrando a cara entre as mans e botándose a chorar.

—Por que chora? —preguntou un pequeno lagarto verde, ó pasar correndo xunto a el con seu rabo ergueito.

—El por que? —dixo unha choruma que pasaba perseguindo unha raiola.

—El por que? —murmurou unha margarida á súa veciña cunha voz baixa e velaíña.

—Chora por unha rosa vermella —dixo o reiseñor.
—Por unha rosa vermella? —exclamaron—, que ridículo! —e o pequeno lagarto, que era un pouco cínico, riu abertamente.
Pero o reiseñor entendía o segredo da mágoa do estudante, así que descansou en silencio no caxigo e pensou no misterio do amor.
De súpeto, estendeu as súas ás pardas para voar e elevouse no ar. Atravesou o arboredo coma un sombra, e coma unha sombra buliu polo xardín.
No medio do céspede erguíase unha fermosa roseira e, cando a viu, voou ata ela e pousouse nunha póla.
—Dáme unha rosa vermella —exclamou—, e heiche canta-la miña canción máis agradábel.
Pero a roseira meneou a cabeza.
—As miñas rosas son brancas —respondeu—, tan brancas coma a escuma do mar, e máis brancas cá neve da montaña. Pero vai ve-la miña irmá que medra arredor do reloxo de sol e talvez ela che dea o que queres.
Así que o reiseñor voou ata a roseira que medraba arredor do reloxo de sol.
—Dáme unha rosa vermella —exclamou—, e heiche canta-la miña canción máis agradábel.
Pero a roseira meneou a cabeza.
—As miñas rosas son marelas —respondeu—, tan marelas coma o cabelo da serea que se senta nun trono de ámbar, e máis marelas có amarelle que florece no prado antes de que o segador veña coa súa gadaña. Pero vai ve-la miña irmá que medra baixo a xanela do estudante e talvez ela che dea o que queres.
Así que o reiseñor voou ata a roseira que medraba baixo a xanela do estudante.
—Dáme unha rosa vermella —exclamou—, e heiche canta-la miña canción máis agradábel.
Pero a roseira meneou a cabeza.
—As miñas rosas son vermellas —respondeu—, tan vermellas coma os pés dunha pomba, e máis vermellas cós abanos de coral que ondean decontino na furna. Pero o inverno arrefrioume as veas, e os meus botóns murcharon co carazo, e a tormenta rompeume as pólas, así que non darei ningunha rosa en absoluto este ano.
—Unha soa rosa vermella é todo o que quero —exclamou o reiseñor—, unha soa rosa vermella! Non hai xeito de podela acadar?

—Hai un xeito —contestou a roseira—, mais é tan terríbel que non me atrevo a cho contar.
—Dimo —dixo o reiseñor—, non teño medo.
—Se queres unha rosa vermella —dixo a roseira—, tes que facela con música ó luar, e tinxila co sangue do teu propio corazón. Debes cantarme co peito contra unha espiña. Tes que cantarme toda a noite, e a espiña debe atravesarche o corazón, e o teu celme debe fluír polas miñas veas e facerse meu.
—A morte é un prezo moi alto por unha rosa vermella —exclamou o reiseñor—, e a vida é un ben prezado para todo o mundo. É grato pousarse no verdor, e ve-lo Sol no seu carro de ouro, e a Lúa no seu carro de perlas. Agradábel é o recendo do espiño, e agradábeis son os xacintos bravos que se agochan no val, e o breixo que asubía no outeiro. Así e todo, o amor é mellor cá vida, e como se pode compara-lo corazón dun paxaro co corazón dun home?
Así que estendeu as súas ás pardas para voar e alzouse no ar. Pasou sobre o xardín coma unha sombra e coma unha sombra atravesou o arboredo.
O estudiante aínda estaba deitado sobre a herba, onde o deixara, e aínda non secaran as bágoas nos seus fermosos ollos.
—Alégrate —voceou o reiseñor—, alégrate; vas te-la túa rosa vermella. Vouna facer con música ó luar, e tinxila co sangue do meu propio corazón. Todo o que che pido en troco é que sexas un auténtico amante, porque o amor é máis sabio cá filosofía, por moi sabia que sexa, e máis forte có poder, por moi forte que sexa. As súas ás son rubias coma o lume, e rubio coma o lume é o seu corpo. Os seus beizos son doces coma o mel, e o seu alento é coma o incenso.
O estudante levantou a vista da herba e escoitou, mais non deu entendido o que o reiseñor lle dicía, porque só sabía as cousas escritas nos libros.
Pero o caxigo entendeu e contristouse, porque quería ben ó pequeno reiseñor que fixera o niño nas súas pólas.
—Cántame unha derradeira canción —borboriñou—, voume sentir moi só cando marches.
O reiseñor cantoulle logo ó caxigo, e a súa voz era coma auga que cae a gallaropes dunha xerra de prata.
Cando rematou a súa canción o estudante ergueuse e tirou un caderno de notas e un lapis de grafito do peto.
Canta ben —dixo para si mentres camiñaba polo arboredo—, non o nego; pero é quen de sentir? Penso que non. En realidade, é coma os máis dos artistas; todo estilo carecente de sinceridade. Non se sacrificaría polos demais. Só pensa na música, e ben sabemos que as artes son

egoístas. Mesmo así, hai que recoñecer que a súa voz fai unhas notas moi fermosas. Que magoa que carezan de significado ou propósito útil!

Entrou entón no seu cuarto, deitouse no estreito xergón, empezou a pensar no seu amor e, de alí a pouco, adormeceu.

E cando a lúa brillou no ceo o reiseñor voou xunto á roseira e arrimou o peito á espiña. Cantou toda a noite co peito contra a espiña e a fría lúa de cristal debruzouse e escoitouno. Cantou toda a noite e a espiña chantouse cada vez máis fondo no seu peito e o seu celme baleirouse.

Primeiro cantou sobre o nacemento do amor no corazón dun mozo e unha moza. E alá na póla máis alta da roseira floreceu unha rosa marabillosa, pétalo a pétalo, canción tras canción. Era pálida, ó comezo, coma o fuscallo suspendido sobre o río; pálida coma os pés da amañecida, e prateada coma as ás do abrente. Coma a sombra dunha rosa nun espello de prata, coma a sombra dunha rosa nunha poza, así era a rosa que floreceu na póla máis alta da roseira.

Pero a roseira demandoulle ó reiseñor que apertase máis o peito contra a espiña.

—Empurra máis, rousinoliño —berrou a roseira— ou vai vi-lo día antes de rematármo-la rosa.

Así que o reiseñor puxou máis na espiña, e cantou cada vez máis alto, porque cantaba sobre o nacemento da paixón na alma dun home e unha doncela.

E un sutil rubor rosado estendeuse polos pétalos da rosa, coma o rubor na face do noivo que bica a noiva nos beizos. Pero a espiña aínda non chagara ó corazón e, polo tanto, o corazón da rosa seguía branco, porque só o sangue do corazón dun reiseñor pode arroiba-lo corazón dunha rosa.

E a roseira demandoulle ó reiseñor que apertase máis o peito contra a espiña.

—Empurra máis, rousinoliño —berrou a roseira— ou vai vi-lo día antes de rematármo-la rosa.

Así que o reiseñor puxou máis na espiña, e a espiña tocoulle o corazón, e unha dor intensa atravesouno. Profunda, profunda era a dor, e a súa canción volveuse aínda máis adoecida, porque cantaba sobre o amor que a morte requinta, sobre o amor inmorredoiro.

E a marabillosa rosa volveuse carmesí, coma a rosa do ceo do leste. Carmesí era o cinto de pétalos, e carmesí coma un rubí era o corazón.

Pero a voz do reiseñor languidecía, e comezou bate-las súas ás, e unha calixe cubriulle os ollos. A súa canción soaba cada vez máis baixa e sentiu que algo o atafegaba.

Entón cantou con afán unha derradeira vez. A lúa branca escoitouno e esqueceu o amencer e demorouse no ceo. A rosa vermella escoitouno e arreguizouse extática e abriu os seus pétalos na fresca da mañá. Eco, a ninfa, levou a música ata a súa cova púrpura nos cotarelos, e acordou os dormentes e soñadores pastores. Aboiou a música entre os xuncos do río, que levaron a súa mensaxe ata o mar.

—Olla, olla! —exclamou a roseira—, xa rematámo-la rosa.

Pero o reiseñor non contestou, porque xacía morto entre a alta herba, coa espiña cravada no corazón.

E ó mediodía o estudante abriu a fiestra e mirou fóra.

—Vaites, que sorte tiven! —exclamou—. Velaquí hai unha rosa vermella! Endexamais vira tal rosa. É tan fermosa que seguro ten un longo nome en latín. —e inclinouse e arrincouna.

Despois puxo o chapeu e correu á casa do catedrático coa rosa na man.

A filla do catedrático estaba sentada na porta enrolando seda azul nun carrete, e o seu cadelo estaba deitado ó pé dela.

—Dixeches que bailarías comigo se che traía unha rosa vermella —exclamou o estudante—. Pois velaquí está a rosa máis vermella do mundo. Lévaa esta noite xunto ó corazón e, mentres bailamos, hache amosar canto te quero.

Pero a moza contestou mecosa:

—Penso que non me pega co vestido e, ademais, o sobriño do tesoureiro agasalloume con xoias de verdade, e ben sabemos todos que as alfaias son moito máis caras cás flores.

—Ai, si? Vaites que es desagradecida! —dixo o estudante alporizado— e chimpou na rúa a rosa, que foi caer nun suco onde unha roda lle pasou por riba.

—Desagradecida! —rosmou a moza—. Vouche dicir unha cousa, es un maleducado; e ademais, ti que vés sendo? Nada máis que un estudante. Boh!, non creo nin que teñas sequera fibelas de prata nos zapatos, como ten o sobriño do tesoureiro —e levantouse da cadeira e entrou na casa.

—O amor é unha parvada! —dixo o estudante e marchou—. Non é nin a metade de útil cá lóxica, porque non proba ren, e sempre nos está a prometer cousas que non pasan e facer crer cousas que non son certas. De feito, é moi pouco práctico e, como hoxe ser práctico é o fundamental, hei retoma-la filosofía e estudar metafísica.

Así que volveu ó seu cuarto, tirou un enorme libro poeirento, e púxose a ler.